




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Ares, Fene e Cabanas. Parroquia: San Vicente de Caamouco a parte oeste; Eulalia de Limodre a central; e San Martiño do Porto a oriental; San Santiago de Franxa no NO ; Salvador de Maniños e San Mamede de Laraxe ocupan sendas esquinas ao NE. Extensión: 5,15km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa lobulada con pequenos entrantes redondeados onde se desenvolven depósitos intermareais areosos ou lamacentos de largo variable. Tras eles, cantís de certa potencia e parede vertical compórtanse de maneira bastante dinámica. A superficie de nivel dos 100/200m, tan habitual no Golfo Ártabro, desaparece aquí. No seu lugar desenvólvese unha vertente de certa pendente (pode acadar o 20% ou 30%). Nela encáixanse os ríos Romea, Sandeu e Castro para salvar un desnivel de entre 100m e 150m en aproximadamente 1km.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio da "Serie de Ordes", composto por materiais metamórficos, xistos e cuarzoquistos, de idade precámbrico-silúrica. Porén, na costa aparecen numerosas bandas de enclaves: anfíbolita antehercínica en Fontemerdeira, Punta do Castelo, Praia do Río Castro e Punta da Illa; xistos filíticos en Praia de Sabadelle; de pórfido granítico en Redes; e diabasas en Punta da Agra e a punta que separa as praias de Coído e Almeiras. No cuaternario destacan os sedimentos intermareais e areosos das pequenas enseadas costeiras.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media rolda os 13°C. No tocante ás precipitacións rexístranse máximos acumulados de 1200mm e sen chegar a baixar de 1000mm ao ano.

OS SOLOS

A parte SE da unidade desenvolve un fluvisol háptico, mentres a vertente superior, ao NE., ten como solo un cambisol eútrico. Este domina o resto da unidade agás unha banda de umbrisol dístico que segue NNE-SSO a lomba que leva a Limodre.

AS AUGAS

Tres correntes fluviais dan forma á vertente costeira. Na metade occidental localízanse o arroyo Romea e o Río Sandeu, que desaugan na masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos. Na metade oriental desenvólvese o val do Rego de Laraxe que describe un tramo final moi sinuoso pouco antes de desembocar na masa de Augas de Transición do esteiro do Eume (20470).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada co hábitat 1230, de cantís con vexetación das costas atlánticas, transformado pola actividade humana. Tamén se desenvolve o hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados". Este desenvólvese en plataformas rochosas intermareais e praias de pé acantilado. Próxima ao fondo de esteiro, aparecen tamén como hábitats costeiros destacados os das chairas intermareais e submareais areosas e lamacentas (1110 e 1140). No interior destacan algunhas pequenas masas ripícolas de curtos arroyos (91E0), algúns rodais de frondosas de recolonización polo abandono das prácticas agrícolas nun medio intensamente cavado no século pasado. Pero sobre todo, cómpre subliñar a presenza de grandes masas mixtas (58ha na unidade) nas que eucaliptos e piñeiros se mesturan coas frondosas autóctonas, procedentes de carballeiras e soutos costeiros, 9230-9260.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O solo desta paisaxe combina un uso tradicionalmente agrícola con grandes superficies forestais, tanto no fondo montañoso da unidade como na fronte litoral. Os montes que pechan a unidade polo noreste están cubertos por grandes masas mixtas nas que eucaliptos e piñeiros se mesturan con frondosas autóctonas, procedentes de carballeiras e soutos costeiros. Por debaixo da cota 75, consérvase en parte da superficie o uso tradicional agrícola, coa estrutura parcelaria de pequenas teselas descendendo en pendente. Na fronte litoral, este uso agrícola foi substituído por vexetación costeira atlántica, masas de vexetación mixta e bosques de repoboación, se ben no extremo occidental a superficie agrícola se conserva practicamente ata a liña de costa, na Punta da Agra.

MORFOLOXÍA

Os núcleos tradicionais máis importantes son Redes, O Cotillón e San Martiño de Porto, pertencentes ao tres municipios presentes, respectivamente. Redes, na costa occidental, é un núcleo compacto que, aínda que comeza a xerar un fenómeno de crecemento lineal ao longo da estrada AC-124, representa un conxunto de arquitectura popular mariñeira identitario da costa galega (construción típica de dúas plantas con balcón corrido, ménsulas de madeira ou pedra e paredes de cachotaría de colorido rechamante), o que levou á súa consideración como Núcleo de Identidade Litoral. Tanto o núcleo do Cotillón, situado na vertente este de o río Sandeu, como o de San Martiño do Porto, no val do Rego de Laraxe, desenvóléronse ao longo da AC-122 con tipoloxías de vivenda unifamiliar, e deron lugar a un crecemento disperso apoiado nesta estrada e na C-1502 (no segundo caso).

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade non é atravesada por ningunha infraestrutura viaria de primeira importancia. A estrada que une o tres núcleos tradicionais de San Martiño de Porto, O Cotillón e Redes percorre a unidade lonxitudinalmente, adaptándose aos accidentes xeográficos e transcorrendo entre os 25 e 75 metros sobre o nivel do mar. Os diferentes tramos clasifícanse (de leste a oeste) como C-122, AC-124 e C-0401. As conexións transversais son máis limitadas, tendo unicamente importancia a estrada C-1502 que parte do val do Rego de Laraxe cara ao nordés e a estrada C-3501 que une O Cotillón co interior. A vía de tren atravesa a paisaxe de sueste a noroeste, subindo desde a cota 25 até a 75 cunha compoñente paralela á estrada anterior, adaptada ás necesidades xeométricas do ferrocarril. En Redes existen unhas instalacións portuarias de moi reducida dimensión, competencia de Portos de Galicia, que dan servizo a pequenas embarcacións pesqueiras e de recreo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Desde o punto de vista arqueolóxico destaca o Castro das Modias en San Martiño de Porto, ao que se podería asociar a aparición dunha das escasas representacións de "ourivaría castrexa": o torques de ouro de San Martiño de Porto. Redes garda numerosos exemplos de patrimonio etnográfico de interese, cunha gran maioría das casas do núcleo catalogadas como elementos de interese patrimonial, así como a igrexa parroquial de San Vicenzo de Caamouco, do s.XIX. As cabrias, tradicionais estruturas de madeira nas que os mariñeiros secaban as redes, aínda se conservan na praia e no porto deste núcleo, e o seu uso é rememorado unha vez ao ano coa "Festa das Cabrias". En San Martiño de Porto destaca a igrexa parroquial de San Martiño, importante exemplo de arquitectura relixiosa construída no s.XVIII. Numerosos exemplos de patrimonio etnográfico (casas, vilas, muiños...) rexístranse nos diferentes asentamentos da unidade. Por outra parte cómpre destacar a estrutura defensiva militar do Castelo (BIC) en Limodre.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A organización desta paisaxe radica nas valgadas presentes e os seus asentamentos tradicionais: Redes, na do rego Romea ao occidente; O Cotillón, na do río Sandeo; e San Mariño de Porto, na do Rego de Laraxe, ao oriente. Un fondo de montes boscosos pecha a paisaxe, alcanzando unha cota de 175 metros, e é por baixo da cota 75 cando o terreo se converte nun mosaico de pequenas parcelas de cultivo. O val do río Sandeo e a súa fronte litoral até a vía do ferrocarril, áchase cuberto por bosque de repoboación e vexetación costeira. A edificación está bastante limitada nas vertentes de Romea e Sandeo, aínda que existen fenómenos de crecemento lineal apoiados nas estradas, pero é no val de Laraxe onde os fenómenos de urbanización dispersa son máis intensos. O conxunto que forman o núcleo de Redes co seu porto e a praia imprímelle carácter á paisaxe, xa que se trata dun exemplo singularmente ben conservado dun modelo de asentamento tradicional na costa.

DINÁMICA DA PAISAXE

Tradicionalmente existía unha intensa actividade agrícola que se desenvolvía nas vertentes dos tres cursos de auga da unidade, que abarcaba desde a fronte marítima até aproximadamente a cota 75. O progresivo abandono dos labores agrícolas foi propiciando un aumento da superficie de pasto e da superficie de arboredo, especialmente nos terreos máis próximos á costa. Así, a fronte litoral entre San Martiño e o Río Sandeo, antes traballado até case os cantís da costa, presenta agora unha frondosa vexetación costeira. No val de Laraxe, as terras máis altas que se deixaron de cultivar presentan agora bosques de repoboación, mentres que aquelas da primeira ladeira do val foron substituídas por novos usos residenciais.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade relativamente pouco transformada, na que se pode realizar a lectura da relación entre as formacións naturais e a presenza humana (asentamentos, procesos de traballo da terra...). Un grande exemplo desta relación harmoniosa constitúe o pintoresco Núcleo de Identidade Litoral de Redes, tanto polo seu bo estado de preservación (case exento de intervencións que desvirtúen a súa estrutura e morfoloxía orixinal) como polos valores o conxunto que forma xunto coa praia e a Punta da Agra. A forte presenza paisaxística dos límites desta unidade permite unha visión relativamente unitaria do conxunto, que se ve potenciada pola continuidade transversal que posibilitan as valgadas dos ríos. A fronte litoral ten un alto valor ecolóxico e visual, xa que contribúe a pechar as perspectivas visuais periféricas que se perciben desde Punta da Agra e Punta da Illa, a ambos os extremos da unidade. Han de apuntarse tamén polas súas características naturais a vexetación de grandes masas mixtas (58ha na unidade) nas que eucaliptos e piñeiros se mesturan coas frondosas autóctonas, nos montes que delimitan a unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



